




Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/5376/2021 05/03/2021

Area / Unidade PERSONAL PE0000 MALB	Documento 10815I01QY	
Código de verificación  6A3F 5530 552S 4X2V 0051	Expediente 108/2019/780	
	Data 05-03-2021	

Asunto: SEL2019038. Lista provisional de admitidos e excluidos na convocatoria para a provisión por concurso ordinario de méritos de postos de traballo vacantes no Excmo. Concello da Coruna. C.E. 1/19.

RESOLUCIÓN

O día 23 de setembro de 2020 finalizou o prazo de presentación de instancias para tomar parte na convocatoria do concurso de méritos para a provisión de postos de traballo vacantes do Excmo. Concello da Coruña, aprobado por Resolución da Concelleira delegada de Facenda e Administración con data 24/05/2019 (corrección de erros, Resolucions do Concelleiro Delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior de datas 26/06/2020 e 9/07/20 publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de datas 29/06/20 e de 14/07/2018).

Por Resolución do Concelleiro Delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 15/01/21 resolveuse executar a sentenza de data 19/10/2020 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 da Coruña, en recurso contencioso-administrativo en procedemento abreviado 0000038/2020-M, polo tanto abrese un novo prazo de presentación de instancias do 19/01/21 ao 8/02/21, para os aspirantes afectados por esta sentenza.

De conformidade co establecido na base cuarta da devandita convocatoria, "Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias publicarase unha lista de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Esta relación publicarase no xestor de contidos Alfresco e na páxina web do Concello (www.coruna.gal)."

"Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, para poder emendar o defecto que motivara a súa exclusión. A estimación ou desestimación desta petición de corrección entenderase implícita na elevación da lista de admitidos e excluídos con carácter definitivo".

Así mesmo, detectase un erro material no Anexo I (relación de postos) das bases da convocatoria, que se deduce do propio expediente procede correxir o citado erro, polo que o posto publicado coa "referencia nº 1750 (Xefe Unidade Apoio Admvo de Mobilidade Urbana)" o correcto é "referencia nº 1752 (Xefe Unidade Apoio Admvo de Mobilidade Urbana)". Polo que todas as referencias feitas neste proceso ao "1750" deben entenderse feitas ao "1752".

O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2019, atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal ao Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior.

Á vista do informe emitido polo servizo de Recursos Humanos, o Concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior por delegación da Xunta de Goberno Local do 28/06/2019 (BOP núm. 124 do 03/07/2019), en uso das facultades que ten conferidas,

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos na convocatoria do concurso para a provisión de postos de traballo vacantes do Excmo. Concello da Coruña, que se recolle nos seguintes anexos:

- ANEXO 1: Lista provisional de aspirantes admitidos por empregado (figura na aplicación OpenCertiac co código 10815I01PG e pode consultarse na Sede Electrónica deste Concello co Código Seguro de Verificación 105N 2C49 115K 464O 040M)
- ANEXO 2: Lista provisional de aspirantes admitidos por postos (figura na aplicación OpenCertiac co código 10815I01PH e pode consultarse na Sede Electrónica deste Concello co Código Seguro de Verificación 034X 4U5E 524N 503P 0F89)
- ANEXO 3: Lista provisional de aspirantes excluídos por empregado (figura na aplicación OpenCertiac co código 10815I01PI e pode consultarse na Sede Electrónica deste Concello co Código Seguro de Verificación 2M3Z 0S13 050B 1S1H 034P)

Segundo.- Correxir o erro material detectado no Anexo I (relación de postos) das bases da convocatoria, en relación ao posto publicado coa "referencia nº 1750 (Xefe Unidade Apoio Admvo de Mobilidade Urbana)" onde di "1750" debe dicir "1752". Polo que todas as referencias feitas neste proceso ao "1750" deben entenderse feitas ao "1752".

Terceiro.- A lista de admitidos e excluídos publicarase no xestor de contidos Alfresco e na páxina web do Concello (www.coruna.gal) a efectos de corrección dos erros, concedéndose a este fin un prazo de **10 días** contados desde o seguinte á súa publicación nos medios indicados.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro Delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior

José Manuel Lage Tuñas